

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de maio de 2020**

Ás 18.10 horas do día 21 de maio de 2020, reúnese a comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/3450670> remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo

real dos asistentes, aos que recoñece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de febreiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 20 de febreiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA A DON ACISCLO MANZANO

O Sr. secretario dá lectura á proposta.

Todos os grupos coinciden no merecemento da mención.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

De conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte á proposta formulada pola instrutora do expediente, outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao escultor ourensán don Acisclo Rogelio Manzano Freire.

3º.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COS CONCELLOS, PARA O COFINANCIAMENTO DA REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS CULTURAIS E A PROGRAMACIÓN COORDINADA DE ACTIVIDADES A NIVEL PROVINCIAL (REAOU) PARA O EJERCICIO 2020:

O Sr. secretario dá lectura á proposta.

Todos os grupos amósanse a favor.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, matiza e roga que se estenda a medida proposta ás futuras edicións do programa e que se aumente a dotación orzamentaria.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a modificación das bases reguladoras do Programa de cooperación da Deputación de Ourense cos concellos, para o cofinanciamento da rede provincial de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial (REAOU) para o exercicio 2020 (BOP núm. 288 de data 17.12.2019), engadindo unha disposición transitoria primeira, co seguinte contido:

Disposición transitoria primeira.-

De xeito excepcional, e ante a situación de estado de alarma decretada polo Goberno da Nación mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e no marco das medidas adoptadas para loitar contra a pandemia do COVID-19, os concellos adheridos á rede poderán promover espectáculos e eventos integrados na rede a celebrar en espazos ao aire libre, a elección de cada concello adherido, e adaptando en todo caso a celebración dos diferentes eventos á normativa e recomendacións que se diten en materia de aforo, hixiene ou distancia social entre persoas. A dita habilitación estenderá a súa vixencia ata a data 31.12.2020.

2º. O presente acordo de aprobación inicial someterase a un prazo de información pública de dez (10) días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio na sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia de Ourense. De non producirse alegacións entenderase aprobado definitivamente e, no caso contrario, someteranse aquelas á consideración do pleno para a súa aprobación definitiva. Logo de aprobarse definitivamente a modificación do programa, publicarase o pertinente anuncio na sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia de Ourense

4º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, manifesta que os clubs deportivos da provincia lle trasladan que se modifiquen as bases ou se adopten medidas para garantir que coas circunstancias actuais non vexan diminuída a súa porcentaxe de ingresos da Deputación.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, lembra que na data 10.02.2020 o seu grupo solicitou a concesión do título de fillo predilecto da provincia a título póstumo para o cineasta José Luis Cuerda e que aínda non recibiron resposta.

A **presidenta da comisión** indica que conseguirá a información e que lle contestará sobre esta cuestión.

E, ás 18.30. horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.